



(F_IMP_10)
ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO
IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS (IAE)

HISTORIAL DE CAMBIOS

FECHA	Órgano	PUBLICACIÓN		
		Boletín	Nº	Fecha
29/11/2004	Pleno Corporación	BOP	278	02/12/2004
27/12/2007	Pleno Corporación	BOP	299	31/12/2007
23/12/2017	Pleno Corporación	BOP	293	23/12/2017

SIMBOLOXÍA



No seu caso, as modificacións puntuais do texto da ordenanza sinalaríanse con esta icona.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona foron modificados respecto da anterior versión da ordenanza.



Os artigos e/ou parágrafos sinalados con esta icona atópanse en revisión.



Facendo clic nesta icona, dispoñible ao pé de cada páxina desta ordenanza, volve ao INDICE do documento



✉ informatica@concelloedemonforte.com 🌐 www.monfortedelemos.es 🌐 <https://sede.monfortedelemos.es>
Comuníquenos calquera incidencia que observe neste documento

INDICE

ARTIGO -1- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE _____	3
ARTIGO -2- SUXEITO PASIVO _____	3
ARTIGO -3- EXENCIÓNS _____	3
ARTIGO -4- BONIFICACIÓNS _____	3
ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA _____	4
ARTIGO -6- DEVINDICACIÓN DO IMPOSTO, RÉXIME DE DECLARACIÓN E PAGAMENTO _____	4
DISPOSICIÓN ADICIONAL _____	4
DISPOSICIÓN FINAL _____	4

ARTIGO -1- NATUREZA E FEITO IMPOÑIBLE

De conformidade co establecido no ARTIGO 78 do R.d. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, o Imposto sobre actividades económicas é un tributo municipal, directo e de carácter real que se esixirá de acordo coas disposicións da citada Lei contidas especialmente entre os ARTIGOS 78 a 91 do citado texto legal.

Constitúe o feito imponible deste imposto o mero exercicio en territorio nacional de actividades empresariais, profesionais ou artísticas.

Considéranse a efectos deste imposto actividades empresariais as de gandería independente, mineiras, industriais, comerciais e de servizos

ARTIGO -2- SUXEITO PASIVO

1. Son suxeitos pasivos deste imposto as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que fai referencia o ARTIGO 35.4 da Lei xeral tributaria que realicen en territorio nacional calquera das actividades que orixinan o feito imponible.
2. Os obrigados tributarios que non residan en España, deberán nomear un representante con domicilio en territorio español e comunicalo ao Concello antes do primeiro devindicación do imposto posterior á alta no rexistro de contribuíntes.

ARTIGO -3- EXENCIÓNS

As previstas no ARTIGO 82 do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo.

ARTIGO -4- BONIFICACIÓNS

Ademais das bonificacións obrigatorias previstas no artigo 88.1 do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, de acordo co artigo 88.2) letra e) do R.D. Lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, establécese unha bonificación na cota do Imposto, para aqueles suxeitos pasivos que tributen por cota municipal e que desenrolen actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego que xustifiquen dita declaración.

Esta bonificación será de aplicación unicamente naqueles supostos de implantación dunha nova actividade económica ou empresarial, así como naqueles outros que consistan nunha ampliación das instalacións, que se realicen no polígono industrial de Monforte de Lemos ou na Zona do Porto Seco, sempre e cando impliquen creación de emprego, de acordo cos porcentaxes que a continuación se indican:

- 95% pola creación de máis de 20 postos de traballo
- 75% pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- 50% pola creación de ata 10 postos de traballo

A creación de novos postos de traballo acreditarase mediante a presentación por parte dos interesados, das correspondentes altas da Seguridade social:

- No réxime xeral, cando se trate de contratación por conta allea
- No réxime especial de traballadores por conta propia o autónomos, cando se trate de autoemprego

No caso de que a creación de novos postos de traballo non poida xustificarse no momento da alta ou no momento da ampliación da actividade no Imposto sobre Actividades Económicas xustificarse no prazo de máximo de 6 meses dende o devandito feito.

Considerarase implantación dunha nova actividade aquelas actividades que inicien o exercicio da súa actividade no Municipio.

A bonificación empezará a contarse a partires do período impositivo no que se produza a alta da actividade no IAE. No suposto de ampliación das instalacións no período impositivo seguinte. Dita bonificación aplicarase por un período de 3 anos.

Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderáse efectuar en calquera momento anterior á terminación dos 3 períodos impositivos de duración da mesma, e terá efectos no seu caso, dende o período impositivo no que se solicite

Corresponderá ao Pleno da Corporación dita declaración e se acordará previa solicitude do suxeito pasivo polo voto favorable da maioría dos seus membros.

ARTIGO -5- COTA TRIBUTARIA

1. A cota tributaria será a resultante de aplicar as tarifas do imposto, con arranxo ao establecido no ARTIGO 85 do R.D. lexislativo 2 /2004 de 5 de marzo, o coeficiente de ponderación establecido no ARTIGO 86 do citado texto, sendo o coeficiente de ponderación o seguinte :

IMPORTE NETO DA CIFRA DE NEGOCIOS	COEFICIENTE DE PONDERACIÓN
De 1.000.000,00 € ata 5.000.000,00 €	1,29
Desde 5.000.000,01€ ata 10.000.000,00 €	1,30
Desde 10.000.000,01 € ata 50.000.000,00 €	1,32
Desde 50.000.000,01 € ata 100.000.000,00 €	1,33
Mas de 100.000.000,00 €	1,35
Sen cifra de negocios	1,31

2. Sobre a cota modificada por aplicación do coeficiente de ponderación establecido o Concello poderá aplicar, de conformidade coa potestade establecida no ARTIGO 87 do R.D. Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo os coeficientes de situación atendendo á categoría fiscal da rúa onde se realiza a actividade económica.
3. O coeficiente aplicable virá determinado polo correspondente a categoría da rúa onde teña suliñado o número ou onde teña a entrada principal ou local. Anexo a esta Ordenanza Xeral figura o índice alfabético con expresión da categoría fiscal que corresponde a cada unha delas.
4. As rúas que non aparezan no Anexo serán consideradas de última categoría .

ARTIGO -6- DEVINDICACIÓN DO IMPOSTO, RÉXIME DE DECLARACIÓN E PAGAMENTO

1. O Imposto devéñase o primeiro día do período impositivo. O período impositivo coincide co ano natural.
As cotas do imposto son irredutibles salvo que a declaración de alta por inicio de actividade non coincida co ano natural, neste caso as cotas se prorratearán por trimestres naturais.
2. Para o non disposto nesta ordenanza sobre devindicación do imposto estarase ao previsto no R.D. lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo.
3. É competencia do Concello de Monforte a xestión tributaria do imposto nos termos establecidos nesta Ordenanza e no R.D. lexislativo 2 / 2004 de 5 de marzo.
4. Este imposto poderá esixirse ben por recibo, ou ben en réxime de autoliquidación, neste suposto utilizando os impresos que a tal fin dispoña a Administración Municipal. A tales efectos facúltase á Comisión de Goberno para optar por calquera das dúas posibilidades, establecer a norma de xestión e aproba-los correspondentes modelos.
5. Non será necesaria a notificación expresa das modificacións reflectidas na matrícula anual do imposto, cando estas proveñan de declaracións, documentos ou impresos presentados polo obrigado tributario ou o seu representante, agás que se modificara o consignado nos mesmos.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

As disposicións desta ordenanza que reproduzan aspectos da lexislación vixente e normas legais de aplicación e aqueles que fagan remisión a preceptos legais, entenderanse automaticamente modificados e/ou substituídos, no momento en que se produza a modificación dos mesmos.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal que foi aprobada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 29 de novembro de 2004 e exposta no B.O.P de Lugo núm. 278.

Modificada provisionalmente polo Pleno do Concello do día 8 de novembro de 2007 definitivamente polo Pleno do Concello do día 27 de decembro de 2007 e publicada no BOP da provincia de Lugo núm. 299 do día 31 de decembro de 2007. Modificada provisionalmente polo Pleno de 23 de outubro de 2017, definitivamente da nata de 18 de decembro de 2017 e publicada no BOP da provincia de Lugo número 293 de 23 de decembro de 2017.

Monforte de Lemos, febreiro de 2018

O Alcalde, José Tomé Roca

